




Imaxe do plenario do V Curso de Formación sobre o Patrimonio Lúdico, Carballo 2013.



As chapas no V Curso de Formación sobre o Patrimonio Lúdico, C

## Seguirmos xogando, volvendo xogar

**N**o conxunto da Península, e mesmo de Europa Occidental, Galiza é un país enormemente rico en xogos. Entidades como a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional teñen catalogados 123 tipos de xogos tradicionais. Collamos, por exemplo, a maneira máis natural de xogo, a carreira para alcanzar un contrario –a queda, a pilla, os altos, as estatuás, o stop...– coas súas infinitas variantes, extrapolemos o dato, e teremos como resultado un catálogo de milleiros de xogos.

Se intentamos non retrotraernos a épocas más remotas da nosa historia, podemos situar na década dos 60 –desenvolvemento franquista– un grave punto de inflexión na vixencia dos xogos de sempre no dia a dia dos galegos e das galegas. A primeiros do século XX, os xoguetes deixaran de ser patrimonio exclusivo das camadas más acomodadas da poboación para –o xoguete industrial– dar paso ao xoguete barato. O que ocorreu en Galiza foi que non tivemos cartos para adquirir eses xoguetes fabricados pola industria, por moi baratos que fosen, ata que emigramos a Euzkadi, a Catalunya e a Europa. E, se a iso engadimos certos cambios nas formas de vida –sobre todo a compartimentación das idades e a especialización escolar da infancia–, teremos debuxado o mundo que provócou que os xogos tradicionais minguasen no seu protagonismo. Isto, sen amendar a popularización dos deportes de masas e o cada vez más monopolístico protagonismo dos medios de comunicación, tamén de masas.

Con todo, os xogos tradicionais nunca morreron. Non o fixeron, desde logo, os xogos de nenos e nenas –a mariola, o aro, o peón, as bolas...–, pero tampouco os xogos e deportes das persoas adultas. Pode que nalgures, hoxe en día, sexa descoñecido determinado xogo –a porca do sur de Galiza é descoñecida no norte, por exemplo– pero faltarán o primeiro centro educativo, o primeiro grupo de nenos e nenas, nos que a inmensa maioría dos xo-



Para xogar non fai falta nada, só unhas mans... e a cabeza.

gos tradicionais sexan totalmente descoñecidos, antes ao contrario.

### POSTA EN VALOR

Nunca morreron os xogos, tampouco os das persoas adultas. Mesmo nas épocas más escusas para o noso patrimonio lúdico, clubs e asociacións preservaron a práctica de xogos como a chave ou os birlos. Pero é sobre todo a partir, talvez, dos últimos quinquenios do século XX cando a posta en valor do patrimonio lúdico tomou forza. A este novo estado de cousas con-

tribuíron os sucesivos traballos de investigación que foron vendo a luz, nun primeiro momento centrados na recompilación dos xogos e, máis tarde, nas estratexias para poñelos en valor e revertelos á cadea de producción cultural. Grazas a iso, nos albores do século XXI podémos falar xa dun movemento, modestamente organizado, de recuperación e posta en valor do patrimonio lúdico que nos identifica, a carón das outras manifestación culturais que fomos quen de crear, aos galegos e ás galegas como pobo.

Cunha vida xa de máis dunha década xiron a luz entidades nacidas, exclusivamente, por e para a recuperación do xogo tradicional. É o caso, entre outras, de Brinqueda, XOTRAMU ou a AGXPT. Este tipo de entidades lograron transcender a recuperación de prácticas lúdicas illadas –función esta de clubs e colectivos locais– para intentar ollar o patrimonio lúdico con sentido de país. A promoción da investigación, a organización de eventos superadores de localismos ou mesmo a posta en marcha de competicións –un dos logros máis evidentes ata o momento foi a articulación dunha liga galega de birlos, por exemplo– xunto, sobre todo, coa divulgación, constitúen outras tantas liñas de traballo de organizacións desta índole.

A consecución dunha certa coordinación entre as entidades que promoven o patrimonio lúdico en Galiza levou consigo tamén que as accións dos clubs e colectivos de xogos e deportes específicos fosen más coñecidas e que, en certa medida, alcanzaren unha nova dimensión. É o caso, particularmente, das asociacións de xogadores/as de chave existentes sobre todo nas cidades. Tamén o é dos colectivos que practican as infinitas modalidades de birlos que existen no noso país, que non só foron quen de entendérense senón que conseguiron dignificar o deporte sen esquecer poñer en valor as modalidades locais. Finalmente, e ainda a risco de deixarmos á marxe desta pequena referencia outros logros destacados, caños singulares representantes a Liga Nacional de Billarda, que foi quen de implicar colectivos de toda índole ao longo de todo o país na práctica do que algúns in-



gallo 2013.



Facendo unha gaita de alcazén, no marco de Ludaria-2013, Ourense.

**<<Nos albores do século XXI podemos falar xa dun movemento de recuperación e posta en valor do patrimonio lúdico>>**

vestigadores/as consideran o noso auténtico deporte nacional, ou o Club A Cambadela, que recuperou con notable éxito a loita tradicional galega.

#### O PAPEL DOS CENTROS EDUCATIVOS

Un papel específico no proceso de recuperación e posta en valor do patrimonio lúdico gálego está sendo desempeñado, sen dúbida, polos centros educativos. En efecto, son numerosas as experiencias que conxúgan a investigación sobre o patrimonio lúdico da contorna coa recuperación dos xogos para os tempos de lecer e, incluso, como ferramenta didáctica de primeira orde. Neste sentido, debemos amentar aquí, especificamente, a habilitación de canchas de xogos tradicionais a carón dos campos de deportes de masas en moitos centros escolares do país. O caso máis evidente talvez sexa o Centro de Interpretación dos Xogos Tradicionais do CEIP da Capela.

Paralelamente, non son raras xa tampouco as iniciativas postas en marcha por asociacións de base e polas entidades locais. En diferentes lugares do país –Arzúa, Sada, as grandes cidades...– existen canchas de xogos tradicionais de uso público. Tampouco debemos esquecer a publicación en diferentes sopor-

tes de catálogos de xogos tradicionais zonais, como é o caso de Dodro ou Cee, por exemplo. Pola contra, as accións institucionais do goberno e das administracións públicas galegas parecen atoparse nun certo punto morto, a pesar de que nos últimos meses do goberno bipartito vira a luz o *Plan estratéxico dos xogos e deportes populares e tradicionais* que as entidades mergulladas na recuperación do patrimonio lúdico están agardando, como auga de maio, ver reactivado.

A inacción institucional, precisamente, provocou nos últimos anos que as iniciativas de formación dirixidas sobre todo a educadores e educadoras fosen, humildemente, asumidas por entidades particulares, nun esforzo ás veces solitario de máis. Sendo a primeira Teses de Doutoramento que considerou o patrimonio lúdico desde a súa globalidade xa do ano 1998, con todo, semella inferirse que das universidades galegas comezan ver a luz investigacións que analizan os xogos tradicionais desde ópticas moi diversas. Globalmente considerada, a investigación dos xogos tradicionais galegos está ainda apenas iniciada, se ben é evidente que obtivo xa notables logros, como, por exemplo, o paso de xigante que supuxo para o estudo dos xoguetes tradicionais a aparición do *Tastarrabás* de Antón Cortizas.

Máis alá dos procesos de restitución dos xogos tradicionais á cadea de producción cultural, nos nosos días o patrimonio lúdico precisa tamén dous otros foros onde poida ser visibilizado, por unha parte, e situado a carón do que, nun afán simplificador, poderíamos chamar a modernidade, por outra. Neste sentido son numerosos xa os proxectos e publicacións que incorporan entre os seus contidos os xogos tradicionais –o Proyecto Ronsel, a Revista Galega de Educación...–, os espazos audiovisuais que os inclúen –Top 10, Onde vai a xente. Mais galego...– e mesmo nos últimos anos ténense deseñado espazos multimedia –Un xogo, un sonío. Paporrubio...– cos xogos tradicionais como desculpa. Paralelamente, son numerosos xa os sitios web co patrimonio lúdico como eixe central.

#### MUSEOS E INICIATIVAS EMPRESARIAIS

Unha faceta non menos importante nos procesos de recuperación dos xogos son os museos e mesmo as

**<<Son numerosos xa os proxectos e publicacións que incorporan entre os seus contidos os xogos tradicionais>>**

empresas que teñen o xogo tradicional como faceta específica das súas propostas. No primeiro caso debe ser citado o Museo Etnolúdico de Galicia, recentemente inaugurado en Ponteceso. No segundo, iniciativas empresariais, entre outras, como Altega, Etnoga ou Sedega, ou a aparición progresiva de fabricantes de xoguetes tradicionais.

Os procesos de recuperación dos xogos tradicionais, se ben tropezan coa dificultade engadida da renovación xeracional, son comúns a toda Europa Occidental e mesmo a diferentes partes do mundo. Galiza está representada na Asociación Europea de Xogos e Deportes Tradicionais por Brinquepolo, polo MELGA e pola AGXPT, e a través desta organización transnacional non é alea ás iniciativas de toda índole que se están levando a cabo en Europa, en primeiro lugar, pero tamén no resto do mundo, pois a Asociación Europea promoveu, á súa vez, a creación de organizacións transcontinentais a través das cales as estrateixas están comezando a fluir.

Por César Camoña Vega

Membro da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional